



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de abril de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e vinte e cinco minutos do día nove de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(237).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(238).-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DA “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2024” ORGANIZADA POR FARO DE VIGO, SAU. EXPTE. 20013/101.

Visto o informe de fiscalización do 09/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola técnica de Administración Xeral (Delegación da xefa da Área de contratación e Novos Proxecto de 9/02/2024), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXV Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2024” organizada por FARO DE VIGO, S.A.U. (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ó disposto no artigo 168 da LCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2024”, a mercantil Faro de Vigo SAU, como organizador exclusivo da Gala.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola Xefe do Servizo de Deportes - Director deportivo, con data 1 de marzo de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 14 de marzo de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 75.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 13.016,53 euros .

· O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) ou a súa bolsa de vinculación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 101.1 LCSP, é de 61.983,47 €.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP."

Segundo.- O día 5 de abril de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 8 de abril de 2024 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 9 de abril de 2024, reuníronse a xefa da unidade administrativa de Alcaldía, responsable do contrato, coa técnica de Administración xeral do Servizo de Contratación (por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 9 de febreiro de 2024), para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na cláusula 13 do PCAP, e acordándose admitir a FARO DE VIGO, S.A.U. no procedemento.

A continuación, abriuse o "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA".

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP, non procede a negociación "dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma", nin outorgarlle puntuación. Así mesmo "*dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*".

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, constando no expediente o correspondente certificado positivo, así como, consta no expediente, tamén, o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados positivos de débedas coa axencia tributaria estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, poderá formularse proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Ao constar toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro e único lugar, FARO DE VIGO, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 9 de abril de 2024 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario da “XXV GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2024” (20013-101) por un prezo total de 75.000,00 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 13.016,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

3(239).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA, DE 7 SUBALTERNOS/AS - QUENDA LIBRE, OEP 2017-18-19. EXPTE. 43635/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía oito prazas de Subalterna/o (Ordenanza), subgrupo transitorio E, pola quenda libre, das cales 3 estaban reservadas a persoas con diversidade funcional e unha reservada a persoas con diversidade funcional intelectual.

II.- Segundo a acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Subalterna/o (Ordenanza), acordou:

"I. Declarar que as seguintes persoas aspirantes superaron o proceso selectivo e propoñer á Xunta de Goberno Local o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, con cargo ás catro prazas de Subalternas/os enmarcadas no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación, escala de Administración Xeral, subescala: subalterna, á que acceden pola quenda libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3ª Fase):

QUENDA LIBRE

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	CID RODRÍGUEZ	MELETINA	***4579**	19,17
2	GIL VICENTE	LÚA	***7458**	19,00
3	CRESPO HARRISON	ANITA ANGÉLICA	***3085**	18,68
4	VILLAR SÁNCHEZ	ANTÍA	***7936**	18,68

II. Declarar que as seguintes persoas aspirantes superaron o proceso selectivo e propoñer á Xunta de Goberno Local o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira, con cargo ás tres prazas de Subalternas/os reservadas a persoas con diversidade funcional enmarcadas no subgrupo transitorio E para os efectos de titulación, escala de Administración Xeral, subescala: subalterna, á que acceden pola quenda libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de Vigo 2017-2018-2019 (3ª Fase):

QUENDA LIBRE.- RESERVA DE DIVERSIDADE FUNCIONAL

N.º DE ORDE	APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
--------------------	-----------------	-------------	------------	--------------

1	MAGDALENA VILA	MAURICIO	***9687**	14,50
2	VIGO FERNÁNDEZ	MARTA MARÍA	***7958**	14,47
3	ÁLVAREZ CARNEIRO	ABEL	***8931**	12,27

(...)"

III. Segundo consta nas actas incorporadas polos órganos de selección ao expediente 41057/220, e os anuncios publicados na web e taboleiro de edictos municipal, os aspirantes á praza reservada para persoas con diversidade funcional intelectual, non superaron os exercicios dos que constou o proceso selectivo de Subalterna/o (Ordenanza), polo que procede declarar a devandita praza deserta.

IV.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 08/02/2024.

V.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

VI.- Consta informe de verificación de datos de data 21/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Ordenanza (posto 155) así como a cobertura interina dalgunha das prazas:

*"(...) - En Conserxería (201), Posto 155- Ordenanza porteiro, dotacións 8 e 45.- A primeira delas atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/06/2021 (expdte. 37917/220), por Meletina Cid Rodriguez con DNI ***4579**, que tomou posesión o 28/06/2021 con cargo á praza vacante de ordenanza correspondente á oferta de emprego público do ano 2017, en tanto a segunda figura vacante en data de sinatura.*

*- En Museos (14), Posto 155 – Ordenanza porteiro, dotacións 14 e 37.- Atópase cubertas interinamente segundo acordos da Xunta de Goberno Local de datas 29/03/2019 e 10/11/2022 (expdtes. 33784/220 e 41116/220), por Gonzalo Perez Barreiro e Cesar Casalini Gutierrez con DNI ***5984** e ***5308**, que tomaron posesión o 01/04/2019 e 15/11/2022 respectivamente, con cargo ás prazas vacantes de ordenanza, correspondentes á oferta de emprego público do ano 2018.*

*- En Instituto municipal Educación (322) – Ordenanza porteiro, dotación 16.- Atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/03/2019 (expdte. 33460/220), por Maria Julia Alonso Rodríguez con DNI ***6547**, que tomou posesión o 01/04/2019, con cargo á praza vacante de ordenanza, correspondente á oferta de emprego público do ano 2018 (...)"*

VII.-Toda vez que algunhas das prazas vacantes atópanse cubertas interinamente segundo acordos da Xunta de Goberno Local de data 29/03/2019, 24/06/2021 e 10/11/2022, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á toma de posesión como funcionarios/as de carreira das persoas nomeadas con cargo á ditas prazas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego do Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige

por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II- Análise sobre as prazas de reservadas a persoas con discapacidade

Segundo consta nas actas incorporadas polos órganos de selección ao expediente 41057/220, e os anuncios publicados na web e taboleiro de edictos municipal, os aspirantes á praza reservada para persoas con diversidade funcional intelectual, non superaron os exercicios dos que constou o proceso selectivo de Subalterna/o (Ordenanza), polo que procede declarar a devandita praza deserta.

No Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembre, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo con persoal con discapacidade, dentro do seu Capítulo II recóllense as seguintes posibilidades de convocatoria:

- Convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade (artigo 3).
- Convocatorias en quenda independente para persoas con discapacidade (artigo 4).
- Reserva de prazas en promoción interna (artigo 5).
- Reserva de prazas nas convocatorias de personal temporal (artigo 6).

No presente procedemento estaríamos dentro do suposto do artigo 3, "convocatorias ordinarias de prazas con discapacidade". E dentro do parágrafo segundo do apartado 2 do citado artigo recóllese que:

"Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento."

Pola súa parte, o artigo 48.2 da Lei de emprego público de Galicia, dispón ao respecto que:

"Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento".

É dicir, segundo o establecido pola normativa analizada en este caso, cando quede algunha praza reservada vacante, procederá a súa acumulación á seguinte oferta de emprego sempre que se cumpran as porcentaxes establecidas.

Mentras que nos outros supostos citados, como a reserva de prazas en promoción interna do artigo 5 ou das convocatorias do personal temporal do artigo 6, se establece que as prazas reservadas que queden desertas acumularan, según o suposto, ben ás da quenda ordinaria da promoción interna ou acumulación a quenda libre nas convocatorias do personal temporal, no suposto do artigo 3, que é o que actualmente nos atañe, esta previsión non se recolle, existindo como única alternativa a acumulación da seguinte oferta de emprego sempre que se cumpran os requisitos establecidos.

Procede pois declarar deserta a praza reservada a persoas con diversidade funcional intelectual, dando traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudo e valoración sobre a posibilidade de acumulación á próxima oferta de emprego público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

III.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarios/as de carreira, na praza de Subalterna/o (Ordenanza), con cargo ás prazas vacantes pola quenda libre enmarcadas no grupo transitorio E; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a Meletina Cid Rodriguez con DNI ***4579**, Lúa Gil Vicente con DNI ***7458**, Anita Angélica Crespo Harrison con DNI ***3085**, Antía Villar Sánchez con DNI ***7936**, Mauricio Magdalena Vila con DNI ***9687**, Marta María Vigo Fernández con DNI ***7958** e Abel Álvarez Carneiro con DNI ***8931**, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

IV.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como funcionarios/as interinos/as con cargo ás prazas vacantes de Subalterno/a (Ordenanza), correspondente ás ofertas de emprego público dos anos 2017 – 2018 - 2019, a **Meletina Cid Rodriguez con DNI ***4579****, **Gonzalo Perez Barreiro con DNI ***5984****, **Cesar Casalini Gutierrez con DNI ***5308****, **Maria Julia Alonso Rodríguez con DNI ***6547****, con efectos dende o día anterior da toma de posesión dos nomeados/as funcionarios/as de carreira con cargo á ditas prazas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionarios/as de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Subalterno/a (Ordenanza), aos aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as máximas puntuacións:

Pola quenda libre, a **Meletina Cid Rodriguez con DNI ***4579****, **Lúa Gil Vicente con DNI ***7458****, **Anita Angélica Crespo Harrison con DNI ***3085****, **Antía Villar Sánchez con DNI ***7936****.

Pola quenda libre – reserva diversidade funcional, a **Mauricio Magdalena Vila con DNI ***9687****, **Marta María Vigo Fernández con DNI ***7958**** e **Abel Álvarez Carneiro con DNI ***8931****.

TERCEIRO.- Declarar deserta unha praza vacante de Subalterna/o (Ordenanza) ofertada na OEP 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019), pola quenda libre, reservada para persoas con diversidade funcional intelectual, ao non superar ningún dos aspirantes os exercicios dos que constou o proceso selectivo.

-Dar traslado ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación para o estudo e valoración sobre a posibilidade de acumular a citada praza á seguinte oferta pública de emprego, de conformidade co exposto nos fundamentos xurídicos dos presente acordo.

CUARTO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(240).- NOMEAMENTO, COMO FUNCIONARIAS DE CARREIRA, DE 3 AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL (C2) - QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2017-18-19. EXPTE. 43129/220.

Visto o informe de fiscalización do 08/04/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/04/2024, asinado pola técnica media de Relacións laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía tres prazas de Auxiliar Administración Xeral (C2), por promoción interna.

II.- En sesión de data 30/10/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Auxiliar Administración Xeral (C2), acordou por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, a seguinte proposta:

"Nomear como funcionarias de carreira nas prazas de auxiliar de administración xeral, con cargo a tres prazas vacantes enmarcadas no grupo C de titulación, subgrupo C2, escala, Administración xeral, subescala, auxiliar ,que figuran incluída na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019, a:

APELIDOS	NOME	DNI	FASE DE CONCURSO	PRIMEIRO EXERCICIO	SEGUNDO EXERCICIO	TERCEIRO EXERCICIO	CUARTO EXERCICIO	TOTAL
GONZÁLEZ SÁNCHEZ	I.	***5156**	6,400	8,000	7,812	10,000	2,00	34,212
RODRÍGUEZ PÉREZ	M.	***9954**	4,200	8,167	7,312	9,000	2,00	30,679
ESTÉVEZ FERNÁNDEZ	L.	***7595**	3,250	5,833	7,487	10,000	2,00	28,570

(...)"

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 30/10/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 21/03/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Auxiliar de Administración Xeral (posto 138), así como a cobertura interina dunha praza vacante do ano 2018 "(...)Compróbase asemesmo, que consta cu-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

*berta interinamente por D^a. T. Cobos Casas, con DNI ***8351**, unha vacante do ano 2018, posto 377 – Auxiliar atención público ventanilla, dotación 11, no servizo de estatística (234). A devandita empregada municipal, foi nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de 18/06/2020, tomando posesión en data 22/06/2020 (Expte. 35846/220), adscrita ó posto 138 – Auxiliar de Administración Xeral.*

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020, acordou a reconfiguración dos postos Codg 138 “Auxiliar”, adscritos a unidade 234 (Expte. 36378/220), polo que se procedeu a efectuar o cambio de adscripción da mencionada funcionaria interina con cargo a praza vacante ao posto codg 377 Auxiliar atención ao público ventanilla”.

Non obstante, sen prexuízo das actuacións procedentes con respecto á vacante de auxiliar administrativa da quenda libre do ano 2018, posteriormente acumulada na OPE 2017-2018-2019, que será obxecto de análise en outro expediente, no presente suposto, ao tratarse dunha proposta das prazas da quenda da promoción interna que foron executadas, a citada vacante ocupada interinamente actualmente non se ve afectada polos presentes nomeamentos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que “el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

A promoción interna é unha das manifestacións do dereito á carreira profesional dos empregados públicos recoñecido no artigo 14 c) do citado TREBEP, e desenvolvida nos artigos 16 e seguintes do mesmo texto legal.

O artigo 18 dispón que a promoción interna realizárase mediante os procesos selectivos que garanten o cumprimento dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os contemplados no 55.2 do mesmo Estatuto.

Igualmente, a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, regula a carreira profesional e a promoción interna do persoal funcionario no Capítulo II do seu Título VI.

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionarias de carreira, Auxiliares de Administración Xeral, con cargo ás prazas vacantes, enmarcadas no grupo C, subgrupo C2; escala administración Xeral; incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, á Isabel González Sánchez con DNI ***5156**, Miriam Rodríguez Pérez con DNI ***9954** e Lara Estévez Fernández con DNI ***7595**, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos ad-

ministrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Auxiliar de Administración Xeral, enmarcadas no subgrupo C2 de titulación, escala administración xeral, subescala auxiliar, as tres aspirantes que superaron todos os exercicios da oposición e obtiveron a máxima puntuación: **Isabel González Sánchez con DNI ***5156****, **Miriam Rodríguez Pérez con DNI ***9954**** e **Lara Estévez Fernández con DNI ***7595****.

SEGUNDO.- Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarios/as de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1664/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez